

acordo relativo á solicitude de exención do mantemento dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal, isto é, o posto de secretaría e o posto de intervención, ambos da categoría de entrada.

Na súa virtude, a Dirección Xeral de Administración Local, en aplicación do establecido no artigo 4 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, modificado polo Real decreto 834/2003, do 27 de xuño, e no uso das facultades que lle confire o artigo 15 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, e a Orde do 12 de setembro de 2005 sobre delegación de competencias,

RESOLVE:

Primeiro.-Eximir a Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño da obriga de manter os postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter estatal referenciados.

Segundo.-As funcións reservadas aos citados postos, serán exercidas na forma prevista no artigo 31 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, a través de funcionarios con habilitación estatal dalgún dos municipios que integran a mancomunidade.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderá impugnarse directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo o disposto no artigo 46 en relación co 14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2008.

P.D. (Orde 12-9-2005)
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Directora xeral de Administración Local

Resolución do 9 de setembro de 2008, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), nomeado pola Orde do 9 de abril de 2008, publicada no Diario Oficial de Galicia número 72, do 15 de abril, pola que se fan públicos diversos acordos do tribunal.

En sesión que tivo lugar o día 9 de setembro de 2008, o tribunal nomeado pola Orde do 9 de abril de 2008, publicada no DOG n.º 72, do 15 de abril, para

xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), convocado pola Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007, publicada no DOG n.º 7, do 10 de xaneiro, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Desestimar as alegacións presentadas polos/as aspirantes en canto á modificación da relación de aprobados do segundo exercicio do dito proceso selectivo, feitas públicas pola Resolución do 6 de agosto de 2008 (DOG n.º 157, do 14 de agosto).

Segundo.-Declarar a todos/as os/as aspirantes exentos da realización do terceiro exercicio por teren presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.1.3 da convocatoria.

Contra estes acordos poderá interpoñerse recurso dealzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, conforme o previsto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2008.

Miguel Ángel Otero Soto
Presidente do tribunal

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 8 de setembro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, relativo á baremación definitiva da fase de concurso e á presentación da documentación dos definitivamente seleccionados.

O número 6 da base sexta B) da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG n.º 156, do 14 de agosto) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que á vista das reclamacións achegadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal publicará no *Diario Oficial de Galicia* o acordo que conteña a relación de aspirantes, pola orde de puntuación acadada, indicando a puntuación obtida en cada unha das fases e a puntuación total que será a

suma de ambas as dúas. A dita relación indicará as diferentes quendas de acceso, así como os aspirantes definitivamente seleccionados, elevando esta relación á autoridade convocante.

Así mesmo, na base oitava dispón que recibida pola autoridade convocante a proposta de aspirantes que superaron o concurso-oposición na categoría correspondente, acheguen a oportuna documentación, polo tanto este centro directivo

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar no anexo I desta resolución as puntuacións definitivas da baremación da fase de concurso, obtidas polos aspirantes das categorías do grupo técnico da función administrativa e do grupo de xestión da función administrativa e ademais na páxina web www.sergas.es.

A estimación ou desestimación das devanditas reclamacións á baremación provisional entenderanse implícitas nesta resolución de publicación.

Segundo.-Declarar aspirantes definitivamente seleccionados os indicados no anexo II, de conformidade coa totalidade das prazas ofertadas, en atención ás posibles quendas de acceso.

Terceiro.-Só os aspirantes definitivamente seleccionados deberán presentar inescusablemente a seguinte documentación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, pois pola contra quedarían excluídos do proceso selectivo:

a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría, segundo o disposto no anexo I da Resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto) e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro), así como acreditación fidedigna do requisito común da nacionalidade, no caso de non ser a nacionalidade española.

b) Os participantes que accedan polas quendas de promoción interna e de persoas con discapacidade deberán presentar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa para acceder pola correspondente quenda.

Só para os efectos de elección de destinos, de conformidade co artigo 9 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, os aspirantes que superasen o concurso-oposición pola quenda reservada a persoas con discapacidade poderán solicitar á autoridade convocante a alteración da orde de prelación para a elección das prazas por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados, polo que se recomenda a súa adverten-

cia por operatividade na primeira semana do prazo citado.

Cuarto.-Para os efectos da relación, por localidade e institución sanitaria, de prazas que se ofrecerán aos aspirantes seleccionados e o procedemento e o prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados, coa previsión de facerse nun único chamamento e acto, serán publicadas con posterioridade no *Diario Oficial de Galicia*, indicando tamén a orde final de elección, de ser o caso, pola posible alteración prevista no punto anterior.

Quinto.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán formular recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Potestativamente, poderán interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes, ante este centro directivo.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

ANEXO I

Listaxe definitiva de baremación

Grupo técnico da función administrativa

DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Form.	Exp.	Outras	Total
36092627S	Alonso López, Fe Patricia	P	53,971	3,900	5,500	0,000	63,371
34948099J	Fernández Peña, Ana Inés	P	40,404	6,000	9,500	0,000	55,904
32758641V	Irazusta Méndez, José María	L	66,050	4,400	21,000	0,000	91,450
44808512G	López Suárez, Alberto	P	59,198	3,000	2,350	0,000	64,548
34972085X	Morán Losada, José Francisco	P	48,053	6,000	3,600	0,000	57,653
34961405W	Núñez Pérez, Beatriz	P	51,155	6,000	4,750	0,000	61,905
35467001N	Pérez Otero, Yolanda	L	57,605	6,000	0,000	0,000	63,605
34970412Q	Quintas Cid, Juan Carlos	P	42,958	6,000	10,100	0,000	59,058
33278341D	Rodríguez Cabo, Esperanza	L	65,950	6,000	21,000	0,000	92,950
33318584W	Rodríguez Herbón, Gloria Belén	L	73,060	6,000	17,500	0,000	96,560
32631367W	Rouco Rey, Juan Enrique	P	42,284	6,000	21,000	0,000	69,284
33312794P	Sampedro Morandeira, José Luis	L	58,870	6,000	21,000	0,500	86,370
32774747T	Vázquez Martínez, Ana María	P	45,485	6,000	5,500	0,000	56,985

Listaxe definitiva de baremación

Grupo de xestión da función administrativa

DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Form.	Exp.	Outras	Total
44813612K	Alonso Padín, Luis	P	60,940	6,000	1,800	0,000	68,740
33333927G	Arias Vilaboa, Esther	L	53,530	5,500	2,300	0,000	61,330
33537761N	Bernárdez Lage, María	L	63,825	6,000	0,000	0,000	69,825
32677403S	Gómez Costa, Amanda	P	67,806	6,000	5,500	0,000	79,306
32758641V	Irazusta Méndez, José María	L	66,905	4,400	8,900	0,000	80,205
33313701H	Lombao Iglesias, María Oitá	P	56,695	6,000	14,650	0,000	77,345
33260587B	López López, María Isabel	P	58,809	6,000	7,800	0,000	72,609
4450078W	Lorenzo Vázquez, Roberto	P	57,746	6,000	3,150	0,000	66,896
34887724J	Ríos Carro, María José	P	62,214	6,000	5,950	0,000	74,164
44455229R	Rivas García, Sonia María	P	53,787	3,650	2,450	0,000	59,887
33318584W	Rodríguez Herbón, Gloria Belén	L	62,890	5,800	3,500	0,000	72,190
36077984T	Rodríguez Lorenzo, María Ángeles	P	64,309	4,225	6,600	0,000	75,134
76778956B	Vázquez Costa, María del Mar	P	61,041	2,425	2,350	0,000	65,816
32774747T	Vázquez Martínez, Ana María	P	62,356	6,000	19,650	0,000	88,006

ANEXO II

Listaxe definitiva de seleccionados

Grupo técnico da función administrativa

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Form.	Exp.	Outras	Total
1	32631367W	Rouco Rey, Juan Enrique	P	42,284	6,000	21,000	0,000	69,284
2	44808512G	López Suárez, Alberto	P	59,198	3,000	2,350	0,000	64,548
3	36092627S	Alonso López, Fe Patricia	P	53,971	3,900	5,500	0,000	63,371
4	34961405W	Núñez Pérez, Beatriz	P	51,155	6,000	4,750	0,000	61,905
5	34970412Q	Quintas Cid, Juan Carlos	P	42,958	6,000	10,100	0,000	59,058
6	34972085X	Morán Losada, José Francisco	P	48,053	6,000	3,600	0,000	57,653
7	32774747T	Vázquez Martínez, Ana María	P	45,485	6,000	5,500	0,000	56,985
8	34948099J	Fernández Peña, Ana Inés	P	40,404	6,000	9,500	0,000	55,904
9	33318584W	Rodríguez Herbón, Gloria Belén	L	73,060	6,000	17,500	0,000	96,560
10	33278341D	Rodríguez Cabo, Esperanza	L	65,950	6,000	21,000	0,000	92,950
11	32758641V	Irazusta Méndez, José María	L	66,050	4,400	21,000	0,000	91,450
12	33312794P	Sampedro Morandeira, José Luis	L	58,870	6,000	21,000	0,500	86,370
13	35467001N	Pérez Otero, Yolanda	L	57,605	6,000	0,000	0,000	63,605

Listaxe definitiva de seleccionados

Grupo de xestión da función administrativa

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Form.	Exp.	Outras	Total
1	32774747T	Vázquez Martínez, Ana María	P	62,356	6,000	19,650	0,000	88,006
2	32677403S	Gómez Costa, Amanda	P	67,806	6,000	5,500	0,000	79,306
3	33313701H	Lombao Iglesias, María Otila	P	56,695	6,000	14,650	0,000	77,345
4	36077984T	Rodríguez Lorenzo, María Ángeles	P	64,309	4,225	6,600	0,000	75,134
5	34887724J	Ríos Carro, María José	P	62,214	6,000	5,950	0,000	74,164
6	33260587B	López López, María Isabel	P	58,809	6,000	7,800	0,000	72,609
7	44813612K	Alonso Padín, Luis	P	60,940	6,000	1,800	0,000	68,740
8	44450078W	Lorenzo Vázquez, Roberto	P	57,746	6,000	3,150	0,000	66,896
9	76778956B	Vázquez Costa, Marfa del Mar	P	61,041	2,425	2,350	0,000	65,816
10	44455229R	Rivas García, Sonia María	P	53,787	3,650	2,450	0,000	59,887
11	32758641V	Irazusta Méndez, José María	L	66,905	4,400	8,900	0,000	80,205
12	33318584W	Rodríguez Herbón, Gloria Belén	L	62,890	5,800	3,500	0,000	72,190
13	33537761N	Bernárdez Lage, María	L	63,825	6,000	0,000	0,000	69,825
14	33333927G	Arias Vilaboa, Esther	L	53,530	5,500	2,300	0,000	61,330

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL
NÚMERO CATRO DA CORUÑA

Edicto (486/2008).

Ana María Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número catro da Coruña, fai saber que no procedemento demanda 486/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de José Ángel Parga Insua, José Ramón Sánchez García, Óscar

Sánchez Cancela, Martín García Reino, Desiderio Vilar Soto, contra a empresa *Industrias Fabrimape, S.L.*, sobre despedimento, ditouse a seguinte:

«Resolvo que estimando a demanda promovida por Martín García Reino, Desiderio Vilar Soto, José Ángel Parga Insua, José Ramón Sánchez García, Óscar Sánchez Cancela, contra a empresa demandada, declaro extinguida a relación laboral que vinculaba os demandantes con esta na data do día de hoxe, declarando a improcedencia dos despedimentos, na forma que a seguir se detalla:

1. Declaro a improcedencia do despedimento de que foi obxecto Martín García Reino, condenando a empresa ao aboamento dunha indemnización de 651,56 euros, con aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a de notificación da presente sentenza, que a día de hoxe ascenden a 3.626,14 euros.

2. Declaro a improcedencia do despedimento de que foi obxecto Desiderio Vilar Soto, condenando a empresa ao aboamento dunha indemnización de 2.226,21 euros, con aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a de notificación da presente sentenza, que a día de hoxe ascenden a 4.714,88 euros.

3. Declaro a improcedencia do despedimento de que foi obxecto Óscar Sánchez Cancela, condenando a empresa ao aboamento dunha indemnización de 1.539,79 euros, con aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a de notificación desta sentenza, que a día de hoxe ascenden a euros.

4. Declaro a improcedencia do despedimento de que foi obxecto José Ángel Parga Insua, condenando a empresa ao aboamento dunha indemnización de 2.226,21 euros, con aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a de notificación desta sentenza, que a día de hoxe ascenden a 4.714,88 euros.

5. Declaro a improcedencia do despedimento de que foi obxecto José Ramón Sánchez García, condenando a empresa ao aboamento dunha indemnización de 2.226,21 euros, con aboamento dos salarios de tramitación desde a data do despedimento ata a de notificación desta sentenza, que a día de hoxe ascenden a 4.714,88 euros.

Notifíquelles esta resolución ás partes, e fágaselles saber que non é firme e contra ela cabe interpor recurso de suplicación para ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social, debendo anunciálo previamente ante este Xulgado do Social no termo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo. Dou fe».

E para que lle sirva de notificación en legal forma a *Industrias Fabrimape, S.L.*, expido este edicto para a súa inserción no BOP.

A Coruña, 11 de agosto de 2008.

A secretaria xudicial
Rubricado